precio: 125—IVA (por ser pã ti)

FRENTE
BARRICADA CULTURAL
COMIXARIO

pestiño

PREMIOS
86/87
CASA DA
XUVENTUDE

editorial

Se algo demostran estas 48 páxinas de bon Comic, é que os que facemos esta revista (lease Pestiño) somos xente tozuda, de testa dura e ideas fixas, e a única especie animal o suficentemente idiota para darse de narices unha e outra vez co puto muro que é a vosa eterna indiferencia.

A pesar, e pasando de vos, seguimos e seguiremos a sacar estas cousas cheas de debuxiños e desbarres, de papel e tinta, de ilusión e desenganos, a pesar de que ningen a lea e de que xamais se aprecien... SNIFF !!!

Non nos merecedes !!!

Pero somos xente tozuda, de testa dura e ideas fixas, e resistimos, agora cun fato de xente nova, nesta barricada cultural, dispostos a vender cara a vida e barata a revista.

DE NADA !!!

Un bico

XUDAS

FRENTE BARRICADA CULTURAL COMIXARIO

SUMARIO

1 9 8

FRENTE BARRICADA CULTURAL COMIXARIO

ANO 1986 :
II CONCURSO DE COMICS "CASA DA XUVENTUDE DE OURENSE"

GANADORES

1º Premio : "Simón o Salmón"
Manuel Caride Conde "Macaco"

2º Premio : "Unha vida incompleta"
Hector Real Arregui

3º Premio : "A Modernidade"
Alfredo Lopez Fernandez "Tokio"

MENCIONS DE HONOR :

1.- "Migración"
Miguel Angel Carballo Conde "Pestiño"

2.- "Recordos do 86"
Miguel Angel Fernandez Robledo

3.- "O Encontro"
Guillermo Carro Senra

ANO 1987 :
III CONCURSO DA BANDA DESENHADA "CASA DA XUVENTUDE DE OURENSE"

1º Premio : "Baleiro"
Alexandre Gonzalez Caporale

2º Premio : "Oh Vicio !!"
Miguel Angel Garcia "Chaler"

3º Premio : "Como ostias era o titulo ??"
Miguel Angel Carballo Conde "Pestiño"
Fco. Manuel Paradelo "Pestiño"

Premio Portugues : "Historia de uma cereça"
Agonia Sampaio
Antonio Manuel Toné



Financian: "Casa da Xuventude"
"Cultura e Xuventude"

maquetan, redactan, adecentan e se curran este fanzine:
- Fco. Manuel Paradelo
- Xosé Manuel Rguez. Morán
- Miguel Angel Carballo

Que por certo sonche "O Pestiño"; e a eles pertenecen todos os

derechos e copyrights sobor deste fanzine, e os seus titulos e

A revista en si pertenece a quen a mercou ou birlou, ou ao pardillo que cha prestou.

EDITA: CLUBE XUVENIL "O GUIEIRO"

3

SIMON O SALMON

MACACO ©1986

ISTO VAI PRA CERTOS ENGRUMIOS QUE ANDAN SOLTOS POLA NOSA TERRA!

¿TI COIDAS QUE E NORMAL?

E DISTINTO NAI, NADA MAIS

NON ESTOU MOI SEGURA

¡SI NAI! AS VECES FAI PEQUENAS TOLURAS PRO NON E MALO

¿PRA ONDE DIXO QUE SE IBA?

¿VOLTOU DE NOVO A ATOPARSE CO VELLO ERMITAN? ¡DIME FILLA! ¿QUE VAI FACER ALA TODOLOS DIAS DA SEMAN?

COIDO QUE ALI E O UNECO LUGAR DA BISBARRA ONDE SE PODE OLLAR O ATLANTICO

¿I ESO QUE TEN QUE VER?

XA SABES QUE SIMON SEMPRE FOI UN NENO PAPAVENTOS ¡NAI!

SEI TAN POUCO DIL, FILLIÑA. A CAPITAL E OS SEUS ESTUDOS DO ARTE ROUBARONMO FAI XA TANTO TEMPO QUE...

LEMBROME DE CANDO O ATOPAMOS NAQUIL PIÑEIRAL, ABANDONADIÑO... ¡O PROBE...!

¡MERDA! OUTRO LUME.

...

E CANDO O ADOUTAMOS PUXEMOSLLE O NOME DO ABO. O MEU XOAN E MAIS EU NON PODEMOS TER FILLOS. ¿LEMBRASTE?

POIS EU SIGO A DECIR QUE O RAPAZ NON E MOI NORMAL ¡¡ NOXO DE LUME !!

MACACO ©86


SKRREEEIWWERI
A XOAN MOITO LLE GUSTABA O SEU CABELO BERMELLO E AS PENCAS DA SUA CARA
DENTRO DE POUCO A NOSA TERRA SEMELLARA CASTELA ¿NON PODERIA CHOVER UN CHISCO?
¡MALDITOS FILLASTROS DO DEMO! ¡MATASTELOS TODOS!
¿COMO CHE VAI VELLO? ¡XA VOLTEI!
¿VIRA CEAR, FILLA?
¿E QUEN O SABE NAI?
O QUE NON ME GUSTOU... FOI QUE O PELO O PUXERA ASI... TAN NEGRO.
MACACO ©86


¡BENVIDO MOZO! PASA E CONTAME.
DEIXAME CONTEMPRAR POLA ULTIMA VEZ O OCEANO, VELLO ERMITAN...!
¡XA O SEI! XA O SEI, ¡NON O DIGAS! MORREN E SIGEN A MORRER OS NOSOS IRMAUS. POR ISO ESTAS EIQUI.
¡SI! OS DOUS SABEMOS QUE TEÑO POUCO TEMPO E ISTO TEN QUE REMATAR. XA VIÑEN A TI MOITAS VECES ¡DIME O QUE CHE CONTARON OS OSOS. ¡VELLO!
CONTARONME QUE O OCEANO AGARDA POR TI. ¡¡¡ PRO DENANTES !!! TERAS UN ALCONTRO CO DERRADEIRO DILES. AS TUAS PROBAS ACABAN CANDO O ESNAQUICES.
¡ DIME O SITIO! ESTOU DESACOUGADO ...
¡AGORA O DIN! CANDO O SOL DO MEIODIA... NOS.. ALUME.
MACACO ©86


NO VAL DO CORNO DOURADO PRETO DO VELLO CASTIÑEIRO NA HORA QUE O LOBO ESPREITA.
¡BOA FADA! ¡¡XOVEN APRENDIZ!! LOGO COÑOCERAS O TEU VERDADEIRO ELEMENTO.
¡GRACIÑAS VELLO ERMITAN! PRA ISO TEREI DE CONSUMIR ISTA PROBA.
DE VEZ EN CANDO SEMELLA INSENSIBLE. LEMBROME DO DIA QUE ENTERRARON O SEU PAI ... COA CARA INESPRESIVA E CON ESAS ANTIPARRAS QUE NON HAI QUEN LLAS QUITE.
¡NON FALE ASI, NAI!
...A HORA EN QUE O LOBO ESPREITA.
¡A UNHA!
O VAL DO CORNO DOURADO.
MACACO ©86


O VELLO CASTIÑEIRO. AGORA...
... AGARDAREI POLO ENGRUMIO.
¡VELO AHI VEN!
¡AXIÑA! OS MIXTOS
¡AGORA SIMON!
WRIZZZZ
AAA
FFWWWRRRIIIIIIIIIIIIZZZZZZZZZIIIIIIZZZZ
AAAEEEEAAAAAA
FOI MOI ARRIPIANTE PRA IL O SABER QUE SEU PAI MORRERA QUEIMADO
XA O SEI, FILLA.
¡CHEGOU O INTRE!
¿QUE IBA A FACER ALA TODOLOS DIAS DA SEMAN?
COIDO QUE ALI E O UNECO LUGAR DA BISBARRA ONDE SE PODE OLLAR O...
... ATLANTICO. ¿QUE TEMPO FARA MAÑA, NAI?
¡AGARDEMOS QUE CHOVA, FILLA!
FIN
MACACO © 1986
OLRENSE ¡OF COURSE!

"...Os seus beizos xuntaronse por un intre rápido e máxico.Os salaios dela..."
"...Os salaios dela..."
¡OH, MERDA!
UNHA VIDA INCOMPLETA
¿POR QUÉ, MERDA, POR QUÉ? SEMPRE O CHEGAR A CERTO MOMENTO APAGANSE AS LUCES, VOA A INSPIRACION...
TEÑOO QUE DEIXAR POR AGORA. COIDO QUE XA NON SON TAN BO COMO ANTES.
"UN MARTINI INVITA A VIVIR", E EU QUERO MORRER HOXE...
RIIIIIINNG
¡VAIA HOME! ADIVIÑO QUEN SERÁ...
¡AH! SE ERES TI. CASEQUE TEMIN QUE QUEN ME CHAMARA FOSE OUTRO ¿QUE FAS QUÉ COUSA?... ¿HOXE? (...) ESTA BEN, BUSCAREI GAÑAS ONDE NON AS ATOPO E TENTAREI IR... MOI BEN (...) ADEUS, DEICA LOGUIÑO...
BEEEERK
¡SAUDE!
①


¡BUF!
¡HOME, MIRA QUEN TEMOS AQUI! O FIN VIÑECHES...
¡SE É ALBERTO, O POETA!
¿QUE TAL? ¿NON TES NADA QUE CONTARME PRECIOSO?...
NON É MOITO.
QUE, ¿AINDA SIGUES A SAIR CON BEATRIZ?
NON.
¿XA NON SODES AMIGOS?
¡OH, DEUS!
¡¡ANA!!
FIXECHES BEN EN DEIXALA, NON TE LAMENTES MOITO POR ELO. ¿SABES? A MIN NUNCA ME CAEU MOI BEN.
TEÑO QUE FALAR CON ELA COMO SEXA...
TEN QUE LEMBRARSE DE MIN. HA DE FACELO. 1984, AS VACACIONS EN BAIONA. AQUEL DIA INESQUENCIBEL NO PARADOR. EU AINDA USABA GAFAS, ELA LEVABA OS SHORTS LARANXAS E A CAMISETA DE SNOOPY.


H-HOLA ANA, SON ALBERTO
¿ALBERTO?
S-SI,.. ALBERTO, O POETA O DE BALONA, FAI DOUS ANOS...
¡AH! XA ME LEMBRO COMO XA NON LEVAS GAFAS...
SI, CAMBIEINAS POR UNHAS LENTILLAS...
¿AINDA ESCRIBES NOVELAS DESAS TAN GRACIOSAS QUE FACÍAS ANTES?
POIS SI... AGORA MESMO ESTOU REMATANDO UNHA...
OH, BEN. POIS ALEGROME MOITO DE VERTE NON MO ESPERABA. AGORA TEÑO QUE IRME, UNS AMIGOS ESPERANME ALÍ PARA SAUDALOS... ADEUS.
ADEUS...
¡PERO QUE FAS AQUI TAN PERDIDIÑO?
©H486
¿EN QUE PENSAS?
¡EN NADA QUE A TI CHE IMPORTE MOITO! ¡DURME!
P-PERO...
DEIXAME EN PAZ, POR FAVOR...

OUVE RAPAZ ¿QUEN TE CREES QUE ERES PARA FALARME ASÍ? ¿COIDAS QUE... QUE ME METIN AQUÍ CONMIGO POLA TUA FACIANA BONITA?
¡NON SEI PORQUE O FIXECHES!, ¡E NON ME IMPORTA!
BEN, SE ISO NON CHE IMPORTA COIDO QUE TAMPOCO TE IMPORTARA MOITO QUE ME VAIA.
¡NON!!
¡COLLE AS TUAS ROUPAS E AS TUAS COUSAS E LARGATE XA!.
¡ADEUS!
BLAM
"...Os salaios dela..."
"...Os salaios dela..."
¡OH, MERDA!
FIN


CHIM PUM
QUÉ BEN ESTÁ ESTA TÍA, TEÑO QUE DECIRLLE ALGO...
CHIM PUN
QUE ABURRIMENTO
TATA PUN
CHIM PUN
TATA PUN
TATA PUN
A MODERNIDADE
EIH! MOZA PARÉCEME QUE NON VÉS MOITO POR AQUÍ NON?
EH?, POIS NON, NON VEÑO MOITO
HOME, ALGUÉN QUE ESTÁ TAN AMOLADO COMA MIN
QUÉ BEN ME SAÍU
EU DÍGOO PORQUE NON TE TEÑO MIRADO NUNCA .... .. E TAL...
POIS A VERDADE É QUE NON SAIO MOITO
COÑO MARTA, TÍ POR AQUÍ
MERDA, FASTIDIOUSEME O PLAN AGG!!
AI! HOLA XÓSE QUÉ TAL...
MM CADA DÍA ESTÁ MILLOR
POIS DANDO UNHA VOLTIÑA

IMOS A OUTRO SITIO E FALAMOS?
VALE, AGARDA
EH! COLEGA, CHAO, XA NOS MIRAREMOS
QUE RABEXA, CO BEN QUE ÍA AGORA, AG! NADA, QUE ISTO DA MODERNIDADE NON ME MOLA, PREFIRO O MEU HEAVI, AQUÍ NEN SEQUERA SE LIGA
XA ESTOU FARTO DE TANTO MODERNO E TANTO BRUIDO, MAÑÁ VOLTO Á CARPINTERÍA DO MEU TÍO
COÑAZO DE COCTEIS...
CHIM PUM
TATA PUM

SEICA VOU VOTA-LA PAPA ....
SOES VIR POR ESTES ANTROS DE MODERNIDADE?
-GLUB- UF! TANTO CUBATA ....
CHIM PUM
TATA PUM

TATA PUM
PUM CHIM


POIS NON, NON SAIO NUNCA POLA NOITE, O DEPORTE IMPÍDEMO...
POIS A MIN O CURRE, ENTRO CEDO NO TRABALLO

A ÓNDE QUERES QUE VAIAMOS?
NON SEI, A UN SITIO TRANQUILO PARA FALAR NON?

MERDA, EMPEZA A CHOVER
SEICA ME VOU A MOLLAR AO IR PARA CASA
GOSTANCHE ESES SITIOS MODERNIÑOS?
POIS A VERDADE É QUE NON, CREO QUE A XENTE VAI PORQUE ESTÁ DE MODA...
MENOS MAL QUE TRUXEN O COCHE
... TODO O MUNDO VAI A QUE O MIREN, ESTÁN ALÍ PERO NO FONDO ABURRENSE, A MIN OCURRENE, SE NON CHEGAS A VIR EU ABURRIRÍAME MOITO
LOGO LÉVOTE EU A CASA

PODE SER, PERO A MODERNIDADE É ALGO MAÍS QUE TOMAR COPAS, FAISE MÚSICA, PINTURA, REVISTAS, ETC.
NON TE CREAS, A XENTE APÚNTASE AO CARRO DA "POST" POLA MODA E NADA MAÍS
GOSTACHE O JAZZ?
SI!


COMO CHOVE!
QUE PASADA, CORRE QUE NOS MOLLAMOS!
QUE BEN, PARÉCEME QUE HAI ACTUACIÓN EN DIRETO


TUM TUM TUM TUM
PARA PAPÁ
TRALA LIRO
QUE POUCA XENTE
PARÉCEME QUE DESAFINA ESTE CACHARRO

HOME, DIN QUE VIGO É A CAPITAL DA MOVIDA EN GALICIA, POR ALGO SERÁ NON?

SI, EVIDENTEMENTE FANSE COUSAS NOVAS PERO MOITAS COPIADAS DO QUE SE FAI EN MADRÍ
HOMEEE, PODE SER, PERO ALGO DE BÓ TERÁ, DIGO EU
TRALA LIRO
TUM TUM
TUM TUM

POLO QUE SE COÑECE VIGO, É PORQUE ABRIRONSE MOITOS BARES "POST" CHEOS DE PROGRES ABURRIDOS E DE MOCEDADE FALLA DE COMUNICACIÓN, ISO DE CULTURAL NON TEN NADA...

DE TÓDO-LOS XEITOS NA CHAMADA "MOVIDA" HAI XENTES MOI DIVERSAS
SI, CARACTERÍZASE POLA SÚA HETEROXENEIDADE FESTIVA
TUM TUM
TRALA LIRO
TUM TUM

E ISO NON É POSITIVO? DALLE DIVERSIDADE DE IDEAS AO ASUNTO...
SI, DIVERSIDADE E INCOERENCIA, É COMO MISTURAR MARXISMO, HITLERISMO E DESCALZAS DA DOO ROSA NUN MARCO CAPITALISTA POSTINDUSTRIAL E CONSUMISTA A TOPE...
TUM TUM
PARA PAPÁ
QUE ROIO!
TRALA LIRO


... A MOVIDA NON PASA DE SER MÁIS QUE FOLCLORISMO, NON HAI NADA DETRÁS DELA
TUM TUM TUM TUM
PERO QUE DURA ERES MARTA, PARECES A MIÑA ABÓA CRITICANDO AOS DROGADITOS, JE, JE
HOMEEE, NON TE PASES, EU SÓIO ME RÍO UN POUCO DAS CRESTAS, NADA MÁIS
TUM
TUM
TRALA
LIRO
MIRA, FERNANDO POBLET DEFINE A "POSMO" COMA UNHA EMPANADA GALEGA, DIGO EU QUE SERÁ PORQUE O MIOLO DO ASUNTO ESTÁ ENTRE PAN (PUNK) E PAN (PUNK), CON ENSALADA CLARO...
TRALA LIRO
OHH
TUM
TUM
QUE BÓ
JA JA JA
POIS EU PENSO QUE NON É PARA TANTO, PENSO QUE SI A XENTE PÁSAO BEN FACENDO O QUE QUERE XA ESTÁ
CHÁ CHÁ DUBÁ DUBÁ
¡¡UHU!
ADEMÁIS, SON PIORES ESES BOLOS PSEUDO BURGUESES QUE POR NON TER, NON TEÑEN NIN MAXÍN...
NON PENSES QUE A MODERNIDADE É MENOS BURGUESA, POIS SE NON MERCAS OS DISCOS E A ROUPA DE MODA NON ESTÁS NO ROIO, SI O PASAN BEN MILLOR PARA ELES...
UN CAFÉ UN CUBATA ... OH!!
DUBÁ BULUBA ... OH!
ESTÚPIDA!!
OH!! SINTOO
UAAH!! CANDO QUEIRAS PODEMOS MARCHAR
TUM TUM
SI, PODEMOS QUEDAR NO "PIF"
ESTÁ DE MODA NON?
VAS A PAGALO TODO!!
MENOS MAL QUE SE DECIDIU
E... FALANDO DE TODO UN POUCO ... VAS SAIR O VINDEIRO SABADO?
NO "PIF"?
PARA PAPÁ
AGORA SI QUE NON ENTENDO NADA...
BEN BEN, AO FINAL NON É O LOBO TAN FERO COMA O PINTAN
E QUE CREIN CHEGAR A CONCLUSIÓN DE QUE ESE SITIO NON CHE GOSTABA NADA, POR ISO CHE PREGUNTABA ONDE PODÍAMOS.. ..... MIRARNOS
DEICA O SABADO!!
VAI A PENSAR QUE SON UNHA INCOERENTE
SEGURO ...
... MENOS MAL QUE PAROU DE CHOVER
CHAO!!
BBBRRR
© Tokio 86

MIGRACIÓN.

GUION E DEBUXOS: MIGUEL ANGEL CARBALLO CONDE





18 AGOSTO 1804 N.E.: XA DEIXAMOS TRES PLANETAS DO SISTEMA DETRAS NOSA. O ULTIMO RESULTOU SER UNHA MASA DE AZUFRE E DIOXIDO DE CARBONO, BAÑADA POR INTERMINABEIS TREBOADAS MAGNETICAS E COMA OS DOUS ANTERIORES, ERA DE TODO INABITABEL.



AINDA QUE DESCUBRIMOS UN CUARTO PLANETA PROMETEDOR, CARA AO QUE NOS DIRIXIMOS, A MORAL A BORDO EMPEORA POR RACHOS. SABEN QUE ESTA E A NOSA DERRADEIRA OPORTUNIDADE, E TODOS PREPARANSE PARA AFRONTAR O POSIBEL FRACASO.





20 AGOSTO 1804 N.E.: HOXE PRODUCIUSE O MIRAGRE. SE OS ANALISES DA COMPUTADORA NON SON ERRONEOS, O CUARTO PLANETA E HABITABEL E AS SUAS CONDICIONS IDEAIS. CANDO SE COÑECEU A NOTICIA, O ESTOUPIDO DE LEDICIA, DESPOIS DE DIAS DE NERVIOSISMO CONTIDO, FOI INDESCRIPTIBEL



E PENSO QUE O RECORDO DESTE DIA ACOMPAÑARA A TODOS O RESTO DA NOSA VIDA.
EMPEZAMOS A PLANIFICAR O DESEMBARCO, POIS QUEREMOS TER TODO DISPOSTO CANDO CHEGUEMOS A ORBITA DO PLANETA.
ESTAMOS DESPERTANDO AOS OUTROS DO SEU LONGO LETARGO, XA QUE IMOS NECESITALOS PARA A TAREFA.





26 AGOSTO 1804 N.E.: HOXE FAI TRES DIAS QUE DESEMBARCAMOS E TODO MARCHA RELATIVAMENTE BEN, POIS NON TIVEMOS PROBLEMAS MAIS QUE COS ANDROIDES. PARECE QUE O LONGO PERIODO DE INACTIVIDADE AFECTOULLES, SO **SEYNA**, A ENCANTADORA ANDROIDE QUE PERMANECEU ACTIVADA A TOTALIDADE DA VIAXE, SEGUE A FUNCIONAR PERFECTAMENTE.

UN DOS CATIVOS NACIDOS NA NAVE PREGUNTOUME, AO VER O PLANETA, POLA **TERRA**. REMEMOREI VELLOS RECORDOS E FALEILLE DA SUA ANTERGA BELEZA, DOS SEUS CEOS E OS SEUS MARES, DAS ARBORES QUE A POVOABAN, E DOS HOMES,







DE COMO FINARON, VICTIMAS DAS SUAS AMBICIONS, NO HOLOCAUSTO NUCLEAR. O MESMO QUE REGALOU, AO TRAVENGO DAS MUTACIONS, A INTELIXENCIA A NOSA ESPECIE. E O MESMO QUE PROVOCOU A CHEGADA DA NOVA ERA GLACIAL QUE NOS OBLIGOU A EMPREMDER A VIAXE QUE HOXE CHEGOU FELIZMENTE AO SEU FIN.

TODO ISTO LLE DIXEN AO PEQUENO PITURREI, E ESTE TRAS UN ANACO DE SILENCIO, ASINTIU ATUXANDO O PLUMAXE.

FIN


FOTOS 86
DROBLE DO 86
RECORDOS DO 86
1.


B-2
A-1
¡HOLA POETA! ¿QUÉ ERA ISO QUE TIÑAS QUE DICIRME?
E QUE... DECIDIN SAIR DO REFUXIO, EU...
TI ES TOLO, SABES QUE ISO NON PODE SER
XA SEI QUE ESTÁ PROHIBIDO PERO QUERO VER TODAS COUSAS DE FORA
NO ALBUM DE FOTOS DO MEU AVÓ HAY COUSAS INIMAXINABES... HAY UN RÍO, MONTAÑAS... E HAY...
SIII... UNHA PONTE ROMANA XA MODIXECHES
E MÁIS DUNHA VEZ...
SIGO A PENSA-LO MESMO ESTAS TOLO PERO... ¡BOA SORTE!
SAÍDA
PROHIBIDO O PASO
SAÍDA
PROHIBIDO O PASO

ΚΕΝΤΡΙΚΟ ΑΤΟΜΙΚΟ
ΚΕΝΤΡΙΚΟ ΑΤΟΜΙΚΟ
3

I'A PONTE RONANA!
4


FIN
5

O ENCONTRO
por Guillermo Carro Senra
GRROOOAAW
¡GROAW!
GALIZA, TERRA DE LOBOS. MEIGAS E TRASNOS...
LEVABA XA VARIOS DÍAS CAMIÑANDO POR ENTRE A ESPESURA DO BOSQUE.
UF! ESTOU AGOTADO
¡FORA! ¡LARGO!
GRRRR GROOOHH
GRROAW
AAH! FORA! ¡DEIXAME! ¡DEIXAME!
GROOAAW!
1

BANG!
¡AAAH!
¡TWANK!
GRA... GRACIAS
NON TEMAS XA PASOU.
QUERO QUE LEVES ÍSTO CONTIGO.
¡AMOTE!
E DESPOÍS DUNHA LARGA NOITE DE AMOR, CHEGA O NOVO DÍA...

¿QUÉ FOI ISO?
CRAS!
¿PERO?... ONDE ESTÁ
AHÍ MÓVESE ALGO. QUIZABEIS SEXA ELA. OXALÁ
CRAS
CRAS
NOOON!
ISTO SI QUE FOI UNHA PORCADA.
REMATE
Guillermo Lamo
86
3

COMO TODOLOS DIAS XAN DESPERTASE AS OITO E MEDIA; PERO, ¡¿QUE ACONTECE?!



OS MONOTONOS RUIDOS DA RUA NON SE DEIXAN ESCOITAR COMO SEMPRE. XAN CORRE ATA A FIESTRA E BOTA UN VISTAZO: ¡NINGUEN! "A RUA ESTA BALEIRA".



NAMENTRAS AFEITASE XAN BUSCA ALGUNHA EXPLICACION PARA XUSTIFICA-LO FEITO



CANDO ALMORZA DECATASE DE QUE O FENOMENO NON TEN EXPLICACION LOXICA



E DECIDE SAIR A RUA A BUSCA-LA SOLUCION O PROBLEMA



MAIS NON A ENCONTRA E POR PRIMEIRA VEZ ESCOMENZA A SENTIR MEDO



XA ESTABA A PIQUES DE TOLEAR CANDO DE SUPETO VIU UNHA CABINA TELEFONICA...



...E OCORREUSELLE CHAMAR A ALGUN AMIGO SEU E CONTARLLE O CASO



PERO POR MAIS QUE CHAMOU ATA O ULTIMO NUMERO QUE TIÑA APUNTADO NA SUA LIBRETIÑA NINGUEN CONTESTA O OUTRO LADO DO FIO TELEFONICO





O SAIR DA CABINA XAN TOLEOU;...SUBIU O DERRADEIRO PISO DO EDIFICIO MAIS ALTO QUE ATOPOU,... NON,...NOON NOOOON..."HOME DE DEUS"





¡OH VICIO!

GUION JAVI
DIBUXO MIGUEL


ESTOU PERDENDO A PACIENCIA
E NECESARIO, UN CAMBIO
DE ACTITUDE
E ADICARSE
A ALGO MAIS UTIL.
PREPARO OS MEUS INSTRUMENTOS PARA O CURRE
E UNHA NOITE ESCELENTE
METO OS INSTRUMENTOS NA BOLSA
E VOU-ME.
PARA FACER ALGO QUE TODO O MUNDO RECORDARA.

CAMINHO DURANTE ALGUN TEMPO INTENTANDO TOPAR UN PORTAL DONDE PODER PREPARARME.

A LUZ DA FAROLA PON-ME NERVOSO.
AS MOSCAS MOVENSE ARREDOR DA FAROLA REVOLVENDOME O BANDULLO ODIABA A ESOS FODIDOS BICHEJOS.

A PACIENCIA TROUXO O SEU FRUITO. SABIA QUE TERIA QUE PASAR POR AIQUI.

AS SUAS MEDIAS PRETAS, AS SUAS SAIA APEGADA AO CORPO. A BLUSA FLOJA DEIXABA MOVER OS SEUS ERECTOS SENOS.

SEGUINA NAMIRADA CREO QUE E MUI BO- NITA.

AINDA QUE NOM O SEI DEMASIADO

O MEU ODIO HACIA ELAS

NOM ME FAI TER SENTIMENTOS.

NOTO A SUA ESPALDA CONTRA O MEU PEITO
SILENCIO


RECOLHO OS INSTRUMENTOS
METO A TESTA NUMHA BOLSA DE PLASTICO.
TIRO A AO RIO.
Y VOU-ME DURMIR
ESPERO NOM ENCONTRARME CON RUBEN E UN VERDADEIRO PERIGO.
FIN


COMO VEDES, FACIA CALOR, E JONH, O SUXETO ISTE DE AQUI ABAIXO, PERCATABASE
OOOOH... SEI... CA PA... RECE... QUE... QUE EMPE... ZA... A... QUEN... QUENTAR...
Paradelo
ARBALLO 87
COMO OSTIAS ERA O TITULO?
RASCLE RASCLE
PESTIÑO LIGHT PRESENT
DISCULPAS AO GUIONISTA POR CAMBIARLLE TODO PERO, UNHA VEZ MAIS... PERDIN O GUION...
SEICA PARECE!! EH?! JONH
OOHH
ANDA, JONH, DESCANSA UN POUCO. E MENTRAS CONTOLLE A ESTA XENTE A HISTORIA DA VIAXE...
PA TI MAMON
JA, JA, VEÑA HOME, EU NON TEÑO CULPA DE QUE PLANIFICASES MAL A VIAXE.
EH!! FACEDE UN ZOOM QUE ASI NON VEXO
ARBALLO & Paradelo

AHA, MOI BEN!! DEIXAO QUETO AHI...
BEN, ESTES ZARRAPASTROSOS SON OS QUE, ACOMPAÑADOS POR JONH, ESCOMENZARON O PASEIÑO POLO DESERTO.
POR ORDEN DE IMPORTANCIA PARA JONH: O CABALO, A MULLER, E O FILLO DO JONH

O FILLO (POBRIÑO), FOI O PRIMEIRO. CLARO, MORREU...

AGORA QUE NON MIRAN VOULLE PEGAR UN GROLIÑO

DE SED...

PANG!

ZIVVVVV.

EH JONH??

JONH?!! JONH, HOME, QUE PASA? ESPERA UN POUCO, QUE ACABE CA VIAXE...

AUGA

ONDE QUEDAMOS?... AHH, SI! VINTE KILOMETROS ATRAS QUEDOU O FILLO...

DE PUTAAAAA...

10 KILOMETROS MAIS ATRAS, QUEDOU A MULLER; ISTA NON MORREU DE SEDE...

OHHHHHHH

TUP

FOI DE FALTA DE AUGA, EH JONH?


5 KILOMETROS: O ANIMAL, O DE CATRO PATAS, ENTENDESE.
MERDA
1
2
3
4
3 KILOMETRO...
1 KILOMETRO...
¡COMO QUE ME CHAMO XOSETXO ARRAIZPEITIA QUE ANTES PALMAS TI!¡SO MAMON!!
E OUTRA VEZ AQUI XONH!... , EH?! QUO VAS FACER!! JAJA, ESTAS TOLO!!
JA JA!! NON ME PODES DAR, BURRIÑO...
ZIUUUUU
E É A TUA ÚLTIMA BALA... DEBICHES GASTALA CONTIGO
QUE PENA, XONH, QUE PENA QUE MORRAS SEN SABER...
O POUCO QUE FALTABA.
POC!
FIN DO DESERTO GALAICO
ZONA RADIOACTIVA
FRONTERA LUSO-GALAICA
ZONS DE BAIXA RAD.
A MILLOR RADIOCTIVIDADE DO MUNDO
POF!
DE NADA, DE NADA. NON FOI NADA, NON TIVO IMPORTANCIA, ATE OUTRA...
FINAL QUEDAMONOS SIN SABER O TITULO... A VER SE UN DIA DISTES LE PREGUNTO AO GUIONISTA!

NASCE UM NOVO DIA
NO CICLO DA VIDA...
SNIF
SNIF
HUM! CEREJAS!!! JÁ
AS SINTO NA BOCA...

AS DE CIMA SÃO MAIS SABOROSAS...
ESTA PARECE APETITOSA...
BLERG.!(STUP). AS CEREJAS AINDA ESTÃO VERDES... BLERG!!!....
?
NHAC, NHAC...
VAMOS, DICK! QUANDO ESTIVEREM MADURAS NÓS VOLTAMOS...
SNIF SNIF
SURGE NOVAMENTE A PAZ HABITUAL DO PEQUENO BOSQUE...
KCGRIIIII KCGRIIIII
?
2


AH! QUE SOSSEGO! HOJE O DIA ESTÁ MESMO LINDO!!!
NÃO APANHES MUITO SOL SENÃO MAIS DEPRESSA SERÁS COMIDA...
QUE BOM VAI SER!!! SEREI A ALEGRIA DE QUEM TEM SEDE E GOSTA DE CEREJINHAS...
ENTÃO?! GOSTAS DOS MEUS NOVOS BRINCOS?
OH, QUE LINDOS! ATÉ DÃO PARA COMER
E EU... VOU SER BRINCOS DE MENINA...
AS CEREJAS ESTAVAM FELIZES COM O CÂNTICO DOS PÁSSAROS...
MAS UM DIA VEIO O HOMEM...
3

ESTE ANO DEU MUITAS CEREJAS... VOU TER UM BOM LUCRO.
SE DEU!!! AS ÁRVORES ESTÃO CARREGADÍSSIMAS...
PORTA-TE BEM MANUEL, NÃO TE AFASTES MUITO.
ESTÁ BEM.
ACABADA A COLHEITA...
ANDA RAPAZ, JÁ ESTÁ A ESCURECER! TEIMOSO RAPAZ, SÓ QUER BRINCADEIRA!!!...
AH!... ATÉ PASSAVA A NOITE AQUI...
AUF!
NÃO LIGUE, AGORA ESTA JUVENTUDE SÓ PENSA NISSO!...
AH!
EI, ESPEREM POR MIM!!!...
TODAS AS CEREJAS FORAM COLHIDAS, MENOS DUAS IRMÃZINHAS...
O QUE IRÁ SER DE NÓS?!...



A CEREJINHA FICOU SOZINHA E NUNCA FICOU CORADINHA E CADA VEZ FICOU MAIS MIRRADINHA. VEIO O VENTO, A CHUVA...







CULTURA e XUVENTUDE

NOVASS

CASA DA XUVENTUDE OURENSE

Xurde unha nova publicación, ¡unha máis! como todas, coa pretensión de ter un longo camiño por diante. Para este primeiro número contamos con dúas colaboracións tan fundamentais como ides ver: a Casa da/ Xuventude de Ourense, que pon os traballos premiados/ e ainda non publicados dos seus concursos de banda -- deseñada de 1.986 e 1.987 e a Asociación "Cultura e - Xuventude" que participa á metade coa financiación.



BASES IV CONCURSO DE BANDA DESEÑADA "CASA DA XUVENTUDE"

Convócase concurso de historietas en banda deseñada ou cómics.

ORGANIZA: *Casa da Xuventude de Ourense.*

PARTICIPANTES: *Xóvenes entre 14 e 30 anos.*

TEMA: *Libre, textos en galego ou portugués, necesariamente inéditos.*

TECNICA: *Calquera pero en branco e negro.*

EXTENSION: *Desenrolo máximo seis páxinas.*

EXPOSICION: *Os mellores traballos serán expostos na Casa da Xuventude de Ourense no mes de Outubro.*

PREMIOS: *Primeiro premio: 20.000 pts.*
Segundo premio: 10.000 pts.
Terceiro premio: 5.000 pts.
Premio especial ao mellor traballo de xóven portugués: 10.000 pts.
Este premio entra dentro do programa de intercambios da Casa da Xuventude coas "Casas da Cultura da Juventude" portuguesas.
Ademais destes premios recibirán cada un deles un trofeo-esmalte do artesán Pepe Osorio.
Cada autor só poderá levar un premio.
Os traballos premiados quedarán en poder da Casa da Xuventude.

PUBLICACION: *A Casa da Xuventude fará todo o posible para publica-los premios.*
A participación supón a aceptación das presentes bases e a autorización dos autores.

ENTREGA: *A entrega dos traballos farase na:*
Casa da Xuventude, Capitán Cortés, 29 - 32004 Ourense,
ben en propia man ou por correo.

PRAZO: *Admitirase ata o 1 de Outubro.*

FRENTE BARCAPA CULTURAL COMIXARIO

concurso de BANDA DESEÑADA

CONTRAPORTADHA







PESTIÑO